

Núm. 27

15-3-26

# nós.



BOLETIN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

DIREITOR LITERARIO  
Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO  
Alfonso R. Castelao

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN  
Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:  
Real, 36 1.<sup>o</sup> - A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6 pesetas.
Fora da Península	15 ..
Número solto na Península	1 ..
Na Arxentina	60 centavos
En Cuba	30 ..

*Pagos adiantados*

Este boletín non pubrica mais orixinás qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideias n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

SUMARIO

*Trova infinita*, por F. Bouza Brey.

*Encol dos estudos modernos da Antropoxeografía*, por O. Pedrayo.

*A moderna literatura irlandesa*, por Vicente Risco.

*Encol da novela galega*, por Leandro Carré.

*A Edade do Ferro na Galiza*, por Florentino L. Cuevillas.

*Quod nihil scitur*, (continuación), tradución de Xan Aznar Ponte.

*Archivo filolóxico e etnográfico de Galiza*

*Os homes, os feitos as verbas*, pol-a Redaución.

LEA VOSTEDE *A NOSA TERRA*

*IDEARIUM DAS  
IRMANDADES*

Administración Real, 36 — A Cruña



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano VIII ★ Ourense 15 Marzo 1926 ★ Núm. 27

## TROVA INFINITA

*Con treu de espranzas navega,*

¡ai Deus!, o meu corazón  
soñando portos iñotos  
onde ninguén arribou.  
Nin estrelas, nin buxolas,  
nin áncoras no seu prol.  
Mariñan os mariñeiros  
do pensamento e o trebón  
guinda ca nao senlleira  
nas abisales paixóns.

¡Ai Deus!

¡Salvade, louras sereas,  
ao meu corazón!

*Os milleirales froridos*

¡ai Deus!, do meu corazón  
están na madurez  
nas íntimas estensions,  
os seus froitos resequidos  
por todo queimante amor,  
as follas enrrequentadas  
por todo lírico sol  
e as fousas irtas à espreita  
co seu gume feridor.

¡Ai Deus!

¡Mozas, vinde à desfolha  
do meu corazón!

*Morreu a morna cantiga*  
 ¡ai Deus!, do meu corazón  
 e o seu amante salaio  
 en ningures se escoitou.  
 ¡Brancos peitos de almasí,  
 amerceairos de nós!.  
 Teñio ainda abertol-os beizos  
 onde finou a canzón  
 que agora quere ser bico  
 xa que leixou de ser voz.  
 ¡Ai Deus!  
 ¡Oh, donas, ¿non zugaredes  
 o mel do meu corazón?

*Nao, milleiral, cantiga,*  
 froitos que pra ninguén son,  
 pulos esterils do espírito  
 que non ecoa un crámer,  
 que non recolle unha i-alma,  
 que non acompasa un vó;  
 vieiros que non tén termo,  
 lumes que non tén quentor,  
 sementeiras sin seitura,  
 roseiras sin frorazón....  
 Rosas, grans, moxenas, pedras...:  
 infinito, eterno pô.  
 ¡Ai Deus!  
 ¡Saudades do nunca nado  
 e do que nunca finoul

F. BOUZA BREY



# Encol dos estudos modernos de Antropoxeografía



falar de Antropoxeografía pensamos no problema central e xá crásico d'esta cencia: a determinación e graduación das influencias do medio natural sobre das sociedades humanas. O nome inda non é admitido por todos, mais o tema é o mesmo, e adequire cada dia unha trascendencia máis hasta chegar a ser a soila arela das cencias xeográficas en tanto éstas teñen unha vitalidade propia e diferente dos dominios das cencias naturaes. Nos anos derradeiros, homildemente envoltos no estopor xeneral da pos-guerra, os estudos de xeografía humán teñen desenvolvo unha autividate e unha eficacia fundamental. Estase traballando no xeito que facía mais falta que nada: monográficamente. Os países da vella e da nova cultura estudáñense en anaquíños, fondamente e soilo así vai xurdindo da fisionomía xeneral dos continentes e dos cadros históricos a real e verdadeira multiplicidade das rexións naturaes. Misiós americanas (do Norte), ingresas, xaponesas e rússas fortemente equipadas d'omes e de diñeiro traballan nas estepas, nas montañas da enorme Asia misteriosa. Xa pasou o tempo dos grandes viaxes pol-o estilo de Sven Hedin ou do duque dos Abruzos. Pra chegar a entender a terra e os homes fan falla fondas labores aplicadas a pequenos grupos naturaes. Todas as nacíos cultas da Europa, hasta a pequena Holanda, multiplican o estudo xeográfico das terras más lonxanas. O mesmo tempo renovarase o conocemento de Europa; as rexións que parecían completamente acabadas — Os Alpes, por exemplo — son sometidas a novos tratamentos metodicos. Soilo así se podz chegar ó conocemento preciso do planeta, cobrindo d'unha rede de comprelos estudos ouxelivos somellante ás minúsculas triangulacions da cartografía. A mó

porción das vilas de Europa son estudiadas no seu xerme e desenrollo como organismos viventes. Por exemplo o traballo de I. Gallois: «Le site et la croissance de Lyon (Annales de Geographie, Novembre de 1925); o de G. Erdmann «Upsala» Monographie einer schwedischen Stadt (publicado nos Estudos nórdicos da Universidade de Greifswald, 1924); soilo sobre das vilas hai unha forte bibliografía e o xeógrafo é dono d'un método. O mesmo pasa co estudo das rexións naturaes, dos feitos humanos (o comercio, a emigración, a casa: «Das germanische Haus in vorgeschichtlicher Zeit» de Schulz, 1923) considerados en función da Xeografía. Dentro de poucos anos o mundo estará maduro pra aparición de un Ratzel que faga a «Orgánica» da Antropoxeografía moderna. De feito o Ratzel segue inspirando os traballos dos especialistas. A sua grande obra baixo o título de Antropogeografía comprendendo duas partes: Fundamentos da aplicación da Xeografía á Historia e A distribución xeográfica dos Homens. 1899 foi pros xeógrafos algo parecido a «Der Antlitz der Erde» (o rostro da Terra) de Suess pra Geofísica. unha Suma e un faro prós tempos novos. Ratzel non quixo doumatizar e sempre presenta a Antropoxeografía como unha cencia descriutiva. O seu espírito sempre orientou ós verdadeiros xeógrafos; tivo momentos de descreto inxustos, dos que é boa expresón o libro de Fevbre «La Terre et l'Évolution l'Humaine» que forma parte da Historia Universal publicada baixo o título ben dogmático, de «L'Évolution de l'Humanité». dito libro foi agudamente comentado por Vicente Risco na «Nosa Terra». Decímos que cicais non ten chegado o istante d'unha nova síntese; mais non falten os intentos e todos teñen a Ratzel por punto de partida. Un dos mais notabres e comprelos é o libro de Otto Manll modestamente

titulado: *Politische Geographie*, Berlin 1925 (1.<sup>a</sup> parte: O Estado como fenómeno xeográfico. 2.<sup>a</sup> Geografía política analítica [Morfografía e Morfoloxía do Estado; o medio natural como espacio do Estado]. 3.<sup>a</sup> Geografía Política sintética). Avantando da cuasque escrusiva dependencia do Estado respecto do medio físico, que era o pensamento central de Ratzel, Manll considera a força vivente, o pensamento creador do Estado traballando no medeo natural. O importante traballo de Almagiá «La Geografía política. Consideración e metodiche sul concetto e sul campo di estudio di questa scienza» define un sistema neoratzeliano de Antropogeografía e difine a Geografía política: «Estudio do Estado asegnán a sua forma xeográfica e asegnán o desenvolvemento e significación das suas condicións no espazo en tanto ditas condicións dependen dos factores xeográficos». A xeografía política vaise determinando como unha poña a mais privilexiada sobre todo pros autores xermánicos da Antropoxeografía.

Como aplicación do método antropoxeográfico á historia pouco traballostansuxestivos como o de Siegfried Passarge: *Politische geographische Betrachtungen über die Entstehung des Grossfürstentums Moskau*. Estabrece tres

## NÓS

categorias de probremas: 1.<sup>o</sup> de Geografía política comparada. 2.<sup>o</sup> O estudo d'un determinado espazo xeográfico. 3.<sup>o</sup> O estudo da verdadeira Geografía política do grupo de que se trata: a sua base especial en relación cos feitos de Raza e de cultura. Reconoce que ista derradeira parte contén os probremas mais dificultosos e tamén os fundamentais pr'a Xeografía •scencia que soilo pode ter vida cando a Historia descansa na Xeografía traballando as duas sen se perder de vista».

A formación dos novos Estados ten sido un dos factores de grande importancia dos estudos xeográficos. O admirabre libro de Leściewicz: *Kurs geografii Polski*, Varsòvia, 1922, estuda a Polonia como unha indiscutible individualidade que ten seus límites e caracteriza natureza xeológica do chan patrio determinada pola composición e releve creados nos períodos glaciais.

Vese craramente que a crecente intensidade dos estudos xeográficos, no senso moderno, ten un valor fundamental na creación d'un novo mundo político sobre as indiscutibles bases naturaes i-eternas. Soilo co seu triunfo comprelo pode aspirar a Humanidade a un ciclo de vida superior.

R. OTERO.

## Da renacencia céltiga A Moderna Literatura Irlandesa

*(Proseguimento)*

### VI

O meirande dramaturgo d'Irlanda, é *John Millington Synge*, que naceu en 1871 en Rathfarnham, condado de Dublin.

Pirmeiro, Synge quixo ser músico, depredou o violín e viaxou por Alemaña, Italia e Francia. Por fin, veu dar a París. Non tiña mais de corenta libras de renta ó ano, e viveu probe, dicindo qu'en París podía andar porco se lle petaba. Leeu toda a literatura francesa,

especialmente Flaubert, Maupassant, Anatole France e Pierre Loti. Quería sel-o crítico das letras francesas na Gran Bretaña.

En 1898, estando Yeats en París soupo d'il e folxo ver o fayado do Hotel Corneille, por frente ó Odeón. Estaba preparando uns estudos en col da estética do simbolismo, mais os traballos qu'escribia pra revistas e xornais ingreses, ás veces non llos publicaban. Yeats adeviñouelle o xenio, e dixolle que xa dependera d'abondo cos franceses, que tiña que

voltar á Irlanda, e irse ás illas d'Aran, no extremo Oeste, pol-a badía de Galway, onde vive ainda a tradición gaélica, nos mariñeiros tidos por meio salvaxes. Synge foi aló, y-estudou a fala e os costumes, os contos e as baladas. Sobre d'aquello escribeu un libro: *The Aran Islands*.

En 1903, púxose no Abbey Theatre de Dublin, sede do Teatro Nacional Irlandés, a sua primeira peza *In the shadow of the Glen* (1). Nela, Nora Burke, peisana de Wicklow, casa da c'un bruto d'un vello que se fai o morto para ver s'ela o quer, fuxe c'un andarín.

En 1904, foi *Riders to the Sea* (2), que pasa pra moitos pol-a millor das suas obras. O poeta Xan Ramón Jiménez e a sua muller puxeron en castelán (Madrid, 1920). Maurya, unha probe muller das illas occidentais, leva perdido xa o home e seis fillos. A todos llos levou o mar. Un a un, foron montando a cabalo e alá van a morrer no mar. Michael acaba d'afogar, e o derradeiro, Bartley, marcha tamén, e ó pouco iran o corpo morto. E Maurya fica ó fin tranquila, porqu' o mar xa non lle pode levar mais fillos...

*The well of the saints* (3) estreouse en 1905. Dous cegos qu'anaban a pedir pol-as portas, vóvelles a vista por un miragre, e d'aquela láyanse do feo que é o mundo, e do millores qu'eran os seus soños, cando podian vivir sin traballar, escoitando os paxaros e os sinos lonxanos, e aldráxanse o un ó outro.

*The Playboy of the Western World* (4) é de 1907. Pegeen Mike, unha moza da aldeia, está aborrecida do seu mozo, Shawn Keogh, que se non estreveu a irle quitar o medo unha noite, porque ainda non estaban casados e pecaba. N-esto aparece un rapaz que ven fuxido porque pensa que matou ó seu pai. Chámase Christy Mahon. A Pegeen échelle o ollo Christy, e cando están sollos, Christy cónselle como matou ó seu pai. Esto delle moita sona na aldeia e as rapazas todas véñeno ver admiradas. Todos o agasallan. Mais despois chega o pal, e meu gozo n-un pozo; Christy

non era parricida e ten medo de perde-la sona: entón, pra facer algo sonado, pégalle ó pai dianie da xente. Mais a xente e Pegeen, qu'o qu'admiraban era a cousa lonxana e noveleira, non queren xa ver mais qu'o feito ruín de Christy.

A derradeira peza representada vivendo Synge, foi *The tinker's wedding* (1) en 1908, pois o ano seguinte morreu dun cancro, n-un sinal particular, ós 38 anos, deixando escrita outra peza: *Deirdre of the Sorrows*, que puxeron despox d'il morrer. Ainda deixou outro libro de viaxes: *Wicklow and Kerry*, e outro de versos seus e alleos traducidos: *Poems and Translations*.

Escritor eminentemente realista, — por tal o teñen os seus críticos — non deixan as suas cousas de teren un fondo d'idealidade e de misterio superior ó de Maeterlinck, por exemplo, e dende logo mais imitante ó dos escritores nórdicos: Strindberg, Björson, Ibsen; por mais qu'il non fora de ningún xeito, afeizado ó teatro social e de tesis, cousa qu'il desbota dende logo, especialmente no prólogo de *The tinker's wedding*. O principio, antes de Synge principiar a traballar, manifestáronse duas tendencias no teatro Irlandés: Edward Martyn e George Moore, ibsenians, querian un teatro psicolóxico e social, pol-o xeito d'Ibsen, o qual era a modernidade d'aquel tempo. Era unha porfia imitante á que cíqu se move, mais ou menos manifesta, arredor da nosa nacente novela e do noso case nonnato teatro: había quen, com'Edward Martyn e George Moore, quería millor que facer obra orixinal, facer obra que non desdixera da qu'a moda impunha nos grandes centros europeus. Yeats, pol-a contra, estaba pol-o teatro poético, ó xeito de certos simbolistas, e pol-as pezas d'asunto aldeán, onde millor s'amostra o enxebre, conservado na Irlanda com'alén, na vida dos labregos e os mariñeiros. E aconteceu ó que illa qu'acontecer: a moda pasa e a arte fica: hoxe ningúen fala dos irlandeses que seguiron a moda ibseniana, e os nomes de Yeats e de Synge, os enxebres, valen encherendo o mundo.

Synge amostra uas suas obras enxebremente irlandesas, o *universal humana*, coma nono po-

(1) Na sombra da encantada.  
(2) A cabalgada car'o mar.

(3) O puzo dos sentos.

(4) O farsante do mundo occidental. Falando d'us cómico francés, escribida en 1922 Philippe Soupalet: il est jusqu'à présent le seul auteur qui pourraient jouer les pièces de théâtre qui nous amusent encore, se *Le Baladin du Monde Occidental, Ubu Roi et l'Ours et la lune*.

(1) O casaliro da caldeireiro.

den amosar endexamais da vida os qu'alo com'eiqui o queren buscar nos contubernios da podre e imbécille misturanza cosmopolita.

Nas obras de Synge amóstrase o universal e o eterno. Ningunha cousa se pod'atopar mais lonxe e mais por riba do ambiente moderno, qu'o dos dramas de Synge, ond'as almas móvense diante d'un fondo constante de Natureza, fondo qu'obra n-elas, e do qu'elas son un anaco.

A Natureza é un persoaxe de cote presente nas obras de Synge: d'ela estásse falando n-elas a cotío.

Hai quien pensa qu'a Natureza dos poetas é a mesma da ciencia e dos novelistas naturalistas, enzoufados coma Zola en preconceitos científicos. Non hai tal cousa. A Natureza da ciencia é unha apariencia, unha das apariencias da Natureza, artificialmente arredada das outras pol-a mente dos sabios, qu'a couta pra traballar n-ela. Esa Natureza aparente, escondeita, ven corresponder non esautamente co mundo sensíbre, estreitamente interpretado. Mais a Natureza real e verdadeira non remata no qu'abranguen os senso fisicos, senon que ten un fondo prolongamento no alén, e amosárensenos inzada de fontes acochadas de forzas segredas qu'obran unhas sobr'outras e sobre nós tamén. Esto que souperon os antigos, que souperon os Druidas - coma qu'o erro dos antigos non foi mais qu'o d'adouraren esas forzas, segredas coma se foran deuses, ignorando o Deus qu'as nove - sínteno ainda hoxe os paisanos e os poetas. Poida qu'o pensamento de Synge chegare na busca d'aquel plasma primitivo do pensamento, do que falamos enantes, á etapa anterior á descuberta da Causa Pirmeira, que se manifestara Ela mesma, despois do Dilobo, á caste d'Abraham - enque haxa certa sospita de si os mesmos Druidas fixeran tamén a descuberta. Anqu'asi sea o paganismo de Synge sempre viria acaer co paganismo sinxelamente estético de tontos dos nosos escritores galegos de hoxe.

Come bon irlandés, come perfeito ouidental, Synge é decididamente un romántico, e como tal, aborrécelle a nosa civilización artificial y-escravizante. Com'o noso Pondal, simpatizanlle os rebeldes, os vagamundos, os isolados, todolos que acenan revoltándose contra a artificialidade moderna. Houbera tido en-

vexa tamén dos «feros corvos de Xallas» - ese vello símbolo céltigo - e sen dúbida cantou tamén os «sonorosos e vagabundos bardos».

Tampouco había ir descamifado quem puxera en comparanza o seu humorismo lírico, xeneroso e cruel co do Castelao, imitantes no fondo e na forma, os dous de cepa paisana, os dous expresados sinxelamente e sen retórica, porque un e outro foron dos que lle reforzaron o pescózo á elocuencia. Os dous sacan os seus temas directamente da vida, e fan co-iles cadriños pequenos, sinxelos e punxentes, do mais lirico e do menos literario que poida haber.

O estilo de Synge, deprendido nas illas Aran, é o estilo aldeán, todo imaxes, estilo ditado pol-a pantesa e pol-o curazón, e non pol-a mente mecanizada, com'o da xente das vilas; estilo a un tempo lirico e plástico, interpretado por un mísico de fondo cultura coma é Synge. Estilo de poesía, cambeante e variado, en tempos diferentes, d'unha poesía e unha vida que non doadamente se pod'igualar.

Escribe no dialecto anglo-Irlandés, que é o que falan os irlandeses nas bisbarras onde ese se perdeu. N'il, as verbas son cáxeque todas ingresas, mal-a expresión e a sintaxe son irlandesas. Dialecto rico, concreto, cheo de xiros expresivos e pintorescos e d'imaxes, com'o das leendas. Non é coma Yeats, qu'emprega o inglés verdadeiro. Non sabemos o que durará iste *patois*, ó que Synge deu consagración literaria, si a Irlanda chega a rehabilitar, coma pretende, a sua léngua nacional.

Synge foi moi combatido pol-o estremo do seu humorismo. Puxeron de decadente e estraneirizado. Por fin triunfou.

Temos visto un retrato d'il, en fotografiado e posto de perfil. Ten o cabelo longo; frente baixada pra trás; nariz dos que din sinuoso, con depresión no nacemento; o bigote acocha os beizos; a queixada e cadrada e saínte. Simone Téry atopa o realismo expresado na parte inferior da face, e o idealismo nos ollos e na frente. Nin se detén molto Simone Téry no estudio das fisiognomias, nin semella qu'estea moi ó tanto do asunto. Eu penso que non está de mais deixar postos istes datos; a ciencia da fisiognomia é moi importante, y eu cando teña vagar hei ensaiar un estudio das faces dalgúns

dos nosos escritores en comparanza coas suas obras e co que se sabe das suas vidas.

## XII

Un dos escritores de mais sona na Irlanda é George Russell, coñecido por A. E.

Místico, poeta, filósofo, pintor, economista, polígrafo. Sábese toda Irlanda, condado por condado, vila por vila, aldeia por aldeia.

Onde din que se manifesta mais especialmente é na súxestión persoal.

É un espírito de natureza solar, qu'áluma os camiños dos demais y-esparexe unha forza magnética benfeitora. É un home de vida pura, d'unha calma e unha ledicia tranquila e perfeita, d'unha lucidez extraordinaria. Todolos qu'o trataron - o mesmo George Moore que ten sona de ser unha lengua que fura as paredes - falan do engadido misterioso d'iste home.

Igoal que Yeats, A. E. é leónoso: cree n-unha verdade acochada en todolos libros sagrados, na trasmigración das almas e nos procedementos de Yoga. A sua fé é o pantheismo dos libros indos e dos libros alemás do século XIX. N-unha ocasión, un ser invisíbel chegouse a il e deitou n-il unha nova vida, namentras il sentía como si lle bateran con trallazos eléctricos. Lémbrese das vidas pasadas, e asegura com'os Rosa-Cruz, que por cada home que hai na terra, hai no ceo un deus.

É ainda a y-lama céltiga, que busca esas doutrinas estranas pr'acalmal-as suas saudades do Alén.

A. E. publicou tres libritos de versos, en 1894, 1897 e 1904, e non volveu escribir mais poesías. Todas son inspiradas pol-as suas concepcións filosóficas. Non teñen a rareza nin a novedade das de Yeats, o seu acento vagaroso nin as suas coores de brétema: A. E. é craro com'os clásicos, e com'iles sereio. Veleiquí algúns anacos escolletos:

Primeiro unha evocación da sua vida en Babilonia.

...Sobr os leitos dos templos e dos pazos, o  
fouro refrexaba as rayolas  
D'un sol-pôr bermello, morto hai millós de  
[días]  
A torre celeste fixose d'un azur mais sombri-  
fzo, unha cintilación estrelada alixiña comenza;  
O misterio e a manificenza, a beleza e os  
[pecados]

Volven a min. Camiño baixo a chea som-  
[briza de torres;  
Na sombra, a fonte lanza a sua páleada bré-  
fsema en froles liliaes.  
As augas aválanme e o recendor de muitos  
[xardís, y-escoito.  
Voces coñecidas, e a voz qu'eu amo mur-  
[múrame na orella.  
Ou, todo é real coma n-un soño; e de supe-  
[rto unha man pousa na miña:  
A ola do tempo pantasmal retirase: y-esta  
[moza Babiloniana.  
Bágoa de beleza deixada pol-a ola da marea,  
Óllame cos mesmos ollos e atópase aló na  
[Irlanda ó pé de min.  
Ou, lene era a nosa vida en Babilonia, mais  
[Babilonia voou  
E nós ficamos na calmada procesión das  
[cousas eternas:  
Imos ver agora un cancio d'Espranza:  
Ven, porqu'o Ceo chama pol-a Terra.  
Escoita a voz da Terra que responde, agui-  
[xan os espíritos.  
Ven ó País da Mocedade: all os arbres ca-  
[rrugados  
Deixan cair na ola bermella o froito estrelado.  
Bebe: as augas imorrentes matan a sede do  
[espírito.  
Non és ti agora, amigo, toda door esquecida,  
[fen éstase,  
Remozado de gozo, soberbio d'esta inmensi-  
[fada  
Ond'o teu espírito no seu vóo, pasa as estrelas  
[escurecidas;  
E vaise perder na Luz das Luces en ardente  
[adoración?»  
E agora un cancio d'amor:  
Veleiquí a flama d'amor que che mando de  
[lonxe:  
Nin un beixo che mando, nin unha verba ó  
[ouvido.  
Mail-o mesmo amor, voando com'unha estrela  
[d'ás brancas,  
Deixaño ficar alá, déixao pouzar alá, no teu  
[curazón, na sua casa;  
Levado en ás d'ouro, é o mesmo Amor, a  
[Pomba,  
Non é o deus das flechas que firen d'amar-  
[gura,  
Nin os paxaros púrpura de lume dà morte e  
[do amor.

*Non pidal-as maus do amor, nin os seus  
[doces ollos;  
Os que o dan todo, dan menos qu'o amor,  
[dan o que pasa.  
Mais eu doush'o lume da estrela, o camiño  
[reuto do Paraíso:  
Dispols nin morte, nin flecha d'enconadas  
[doores.]*

Téñenno comparado cos grandes panteístas; téñenno comparado con Walt Whitman e con Alfred de Vigny. Non é dicir pouco dicir que é dos grandes poetas da Irlanda.

Mais é tamén un economista. Levado por Yeats, foi, a carón de Sir Horace Plunkett e Anderson, organizador e propagandista do movemento cooperativo.

Com'o movemento galego, o movemento irlandés é causa complicada. Irlanda ten co'má Galiza un problema agrario, o mais importante de todos, porque, coma Galiza, Irlanda é toda a aldeia. As cooperativas labregasson causa capital, non xa na vitalidade irlandesa de hoxe, senón no seu fado vindoiro, no soño norma do seu mañá. Os repubrincans, si houbérían triunfado, pode qu'houbieran feito d'elas o basamento d'unha nova organización social: o Estado Cristián, qu'iles opuñan ó Estado Capitalista. E pode que n'iste ideal tiveran parte efectiva as ideias de A. E.

A. E. andivo de aldeia en aldeia padricando o cooperativismo, no qu'infundiu todo o seu idealismo e toda a poesía. E logo fixo inqueritos, estadísticas, experimentos: estudou e aprendeu ós labregos total-as industrias que poideran desenvolverse na Irlanda: o leite, as abellas, as pitas, os porcos, os estercos, os ovos, de todo se preocupou.

E por fin, deu as suas ideas n'un libro: *O Ser Nacional*.

Pra A. E. a economía non é unha ciencia independente, como pros demás económistas: depende da moral e da filosofía, é unha función do idealismo nacional. «O problema non é somentes un problema económico: é un problema humano». Arredándose da economía corrente, qu'estamos efectos a leer, A. E. ten en conta o xogo do fautor espiritual na vida económica dos pobos, que é o que solemos quecer os tratadistas d'unha e d'outra banda: Por riba da razón do home hai unha esfera trascendente car'a que o espírito humano ergue-

## NOS

se ás veces... Iste elemento incalculábel que ven do misterio qu'arrodea o noso ser, infrye na nosa vida; e cand'a razón vai satisfeita, ainda fica algo mais fondo qu'a ela, que nos fai incerte a verdade». Non é esta afello a chamada doutrina dos imponderábeis, senón a certeza d'algo positivo e sabido – o espírito – a infuir na vida: «O universo ten un senso, existe pros destinos da y-alma».

Asina, a economía de A. E., individualista é federalista, fundase na cooperación. Pensa qu'os pobos se non deben gobernar por enriba, mais por embaixo. Os reformadores pensan que van cultivar o Estado, e non se pode cultivar mais qu'a aldeia. Cada cédula social – com'as nosas parroquias, poño por caso – debe desenrolar espandindo a sua individualidade, a sua tradición, os seus costumes locais. D'iste xeito nasce unha cultura orixinal, e as cédulas, asociándose unhas co-as outras, crean un organismo comprexo e viviente. Os países que viven baixo a fórmula do Estado, perden toda orixinalidade: eixempro, a América, onde total-as casas, total-as rúas, total-los momentos, total-as almas s'asemellan. A función de cada cédula debe vir determinada non d'affora, senón d'adentro, segundo a sua natureza interna; a cooperación ten que ser espontánea e non imposta. D'iste xeito, primeiro, xungundo os intereses veciños, multiplica a forza e prosperidade de todos; segundamente conserva e fai xermolar o que hai d'orixinal n'unha terra; terceiramente, cria o sentimento fondo da solidariedade, fai ver a cada un qu'o veciño non é un nemigo, mais un aliado d'intérés conexo co de un, e d'eiquí ven o espírito cívico. A cooperación, levada d'iste xeito, desbota da sociedade o espírito da guerra, e cria o espírito da paz.

A. E. é sen dúbida nacionalista irlandés. Crer está que, coma é pacifista por temperamento e por ideias, condonou as violencias dos Sinn Feiner na guerra da Independencia e na guerra civil. Mais il tivo de cote fóne a liberdade da Irlanda, e traballou por ela falando y-escribindo.

O alegalo mais elocuente cecais que se fixo a prol da liberdade d'Irlanda, foi un seu artigo que, traducido a total-as lénguas y-editado en caderno, espallouse pol-o mundo inteiro. Hai unha tradución castelán, feita por E. Diez

## NOS

Canedo, baixo o rótulo: *Irlanda por dentro y por fuera*. O seu nacionalismo ali é, no fundamental, tan imitante ó noso, que non pode por menos de repelir eixí un parrafito.

«Onde radican os tumultos d'Irlanda? O pobo irlandés quer ser libre. Porqu'arela a liberdade? Penso que ha ser porque siente en si un xenio que se non ten manifestado ainda n-unha civilización, com'o dos gregos, romanos y-exípcios s'esteriorizou, no tempo pasado, n-unha cultura, unhas artes e unhas cencias propias de seu. É o mesmo pulo que move ó rapaz listo a fuxir do axexo d'unha familia convencional...»

Así pensa A. E., e o seu pacifismo non lle quita que sexa un admirador entusiasta dos héroes da Semá de Páscoa de 1916. En 1922, constituido o Estado libre d'Irlanda, o Goberno quixo facer senador a A. E., com'o foi Yeats, e A. E. non quixo; millor s'atopaba na escuridá. Il deu a Irlanda o esforzo de seu xenio, e non quixo qu'o premiasen.

Pol-o derradeiro, ten un libro teosófico: *O Fachón da visión*, onde fala das suas esperencias místicas.

## VIII

*James Stephens*, novelista e poeta lírico, é ainda un d'ises rideiros e homildes irlandeses, bêbedos d'ideal e d'humor, un empregado de comercio que A. E. foi buscar a un escritorio onde traballaba pra ganal-o pan. Simone Téry compárao c'un leprechaun, «petit lutin» ou trasno irlandés, cos que pol-o visto leva moi trato o alegre bardo.

Stephens publicou en verso *Insurrecções*, 1909, e *O outeiro das Visões*, 1912; e varias noveles, coma *A filha da* 1912; *O pote d'ouro*, 1912; *Velelque unhas señoras* 1913; *Os semi-deuses*, 1914; *Senmas Beg*, 1915; e *Deirdre*, 1923.

Stephens é un humorista: é o trasno en pintura que con todo se mete, despreciando todal-as comenencias literarias, sociás, relixiosas e polítecas, faguendo a bulra de tod'o qu'os demais toman en serio. Pégall'a risa e non respeita ren. E mais emporiso, os irlandeses todo llo pasan, parecéndolle ben can'il fai, ainda o que lle non perdoan a un Yeats ou a un Synge. Stephens ten privilexo pra dicir cousas que nos demais parecen mal.

Non deixá, porén, de ser un filósofo. Un filósofo, crar'está, anti intelectualista, coma polo demais, ten que ser hoxe todo verdadeiro filósofo novo, moderno, enfrentado co-a vida, e ollando pro porvir. Cando ainda na intelectual e sistematizada Alemaña triunfa esa nova corrente no mesmo campo da filosofía, con Spengler, Rathenau, Noller, Hiller, Steiner e o Conde de Keyserling, e no da estética con Fechner, Hoffmannstahl e George, ben se pode creer. A Francia presenta ainda, a pesares do bergsonismo, unha estrutura racionalista impermeábele. Mail-a Irlanda, coma calquera provincia Céltiga, non pode por menos de ser do signo oposto ó racionalismo, con sobras d'abondo pra chegar a ser neo-romántica.

Com'os novos d'Alemaña, millor: com'o novo mando pensante, Stephens desconfia da intelixencia, da razón raciocinante, que ten pervertido o espírito dos homes, e vaise co curazón e co istinto: a verdadeira luz natural.

«Ond'eu din un beixo - di Angus Og, o deus céltigo do amor no *Pote d'ouro* - un paxaro voou; ond'eu pisel, a briuse unha frota. Mail-o Pensamento atrapou meus paxaros na sua rede e vendeunos na praza. Quen me vai libertar do pensamento, da vil santidade do Intelecto, facedor de cadeas e d'ichós».

O amor e o istinto son a y-alma da Natureza, que se corrompeu no home. Stephens sinte o achego maternal da terra, sinte a graniosa e lene sensación d'esa Suprema Maternidade que nos abala y-aloumida e da nosa fraternidade con todal-as suas creanzas: homes e paxaros, herbas e fadas, arbres e peixes, frotes e mulleres, trasnos e bestas, nenos e venlos, todo vivindo nas suas obras a mesma vida trunfante e fondamente sinificativa, misturadol-os seres vivos cos persoificados e cos seres elementais da tradición irlandesa, e cos fillos da sua pantesía miragreira, endexamais cansa de criar, de cote co mesmo humorismo a un tempo fondo e sinxelo.

«No meio do píñeiral que chaman Colla Doraca - escomenza *Pote d'ouro* - vivian, non hai tanto, dous filósofos. As suas faces semellaban feitas de pergameo, tiñan fina nas unllas, e cada dificuldade que lles presentaban, alnda que fosen mulleres, eran capaces de resolvela súpetamente. A Muller Gris de Dun Gordin e a Muller Fraca d'Inis Magraith puxeronlle as

ires preguntas a que ninguén poidera responder endexamais, e illes responderon. A Muller Gris e a Muller Fraca puxérónse tan furiosas de que illes responderan, que casaron cos dous filósofos pra podelos moxegar no leito, mallo pelejo dos filósofos era tan duro que non se apercibiron de qu'os moxegaban. Responderon á furia das mulleres, c'un amor tan tenro, que aquelas creaturas perversas pensaron que morrián de desesperación, e un día, xa no paroxismo, despoixas de beixalas os maridos, pronunciaron as mil e catrocentas maldicións que compuñan a sua sabencia, e aquellas maldicións deprendéronas os filósofos, que se fixeran mais sabidos que enantes.

D'iste xeito, o pan-animismo - que trabuchadamente chaman panteísmo, cando hai entre entrambas concepcións a distancia que vai do lirico ó lóxico, de Amergin e Espinoza - o pan-animismo, qu'a nosa raza leva nosangue e que fai o modo de ser enxebre de toda y-alma celia, ten en James Stephens un atinado interprete, de rara pureza d'iste tempo d'artificiosas mintireiras e de finxidos euredos de rapaces.

*Lordy Dunsany* non ven catalogado no libro de Simone Tery, e afellas qu'era ben merecendo d'elo. Merecido, porque sobresai na facultade dona das artes: a fantasia, a maxinación criadora, refexo no microcosmo da potenza microcósmica da Natureza - a Maha Maya dos indos - onde cecais pende a nosa semellanza con Deus. Esta facultade que fai miraculos na Irlanda por maio de Stephens, de Wilde y-en certo xeito, de Joicy, e qu'eiquí, na terra de Benito Vicetto, tam pouco deixa sentir, por malfado, o seu imperio, sen que poidamos apenas presentar outro exemplo, qu'as *Escenas de Gigantomaquia*, por disgracia publicadas en castelán, de Primitivo R. Sanxurxo, cuyas primicias deu NÓS en galego, e que son d'unha profesión moi mais barroca qu'a de Lord Dunsany sen que deixen de ter tamén certo Aire nórdico.

Sir Edward Jhon Moreton Drap Plunkett, Lord Dunsany, da nobre castimonia dos Plunkett, nasceu en 1878, no condado de Meath, terra pola que siente adoración, téndoa por terra de grandes homes, pois coma díll, ata Lord Wellington, o vencedor de Napoleón - aquil xeneral a quem fantañas loubanhas mere-

## NÓS

ceron os galegos - era de Meath... Lord Dunsany sigue a carreira militar, e distingueuse no exército Inglés Faguendo ainda moi novo, a campaña da África do Sul. Non deixa de ser un pouco triste ollar a un irlandés servindo no exército británico, por mais que sexa cousa corrente, e ainda que fosen fanlos os que foron voluntarios na grande guerra, e así e todo, non deixa iste militar de ser un patriota á sua maneira, polo seu apego ó lorrón familiar, principalmente. Viaxou moito; percorreu os Estados Unidos d'América, dando conferencias e faguendo represeniar pezas de teatro - que tamén botaron no Abbey Theatre de Dublin, onde funciona o Teatro Nacional Irlandés de Yeats - que lle conqueriron moi nome e mais estimanza ainda na América de fala ingresa que na gran Bretaña e mesmo na propia Irlanda.

Escribeu contos, novelas e comedias. As obras principais son: *The Gods of Pegana* (1), *Time and the Gods* (2), *The Sword of Welleran* (3), *A Dreamer's Tales* (4), *The Book of Wonder* (5), *Fifty-one Tales* (6), *Tales of War* (7), *Tales of Three Hemispheres* (8) libros de contos; *Five Plays* (9), e *Plays Gods and Men* (10) pezas de teatro, e a novela *Chronicles of Rodriguez* (11).

Lord Dunsany é un dos escritores mais raros, mais estranhos, mais novos, mais poderosamente orixinales que hai no noso tempo. Ten a fantasia tremenda, fresca y-endexamais cansa do pobo rural, e ainda mais, d'ise pobo de poetas que é o pobo irlandés. É moi mais qu'un mitólogo, qu'un mystagogo: é un criador de mitos. Inventa reinos, deuses e cidades, e forxa aventuras pasmosas, nun ambiente raramente lumioso, de poesía e de misterio: «Lord Dunsany, e os escritores como illa Thomas Macdonagh - eran misterio; arredor das cousas mais sinxelas d'un xeito gracioso. Non pertence a ningunha escola, non sigue mais qu'os seus ensinos, nun ultramundo criado inte-

- (1) Os denses de Pegana.
- (2) O tempo e os deuses.
- (3) A espada de Welleran.
- (4) Contos dun soldado.
- (5) O libro do mero.
- (6) Cincuenta e unha historia.
- (7) Contos de Guerra.
- (8) Contos de tres hemisferios.
- (9) Cinco pezas.
- (10) Pezas de Deuses.
- (11) Crónicas de Rodriguez.

ramente por il, onde rixen as leis feéricas de que lenlo ensoño firara Chesleron. Din qu'a sua inspiración ven d'Homero e da Biblia, e por certo que ten muito de épico, ó xeito dos Bardos da sua terra; é bárdico, eminentemente, na sua entraña.

Os que busquen imaxes novas, relacións inagardadas, sorpresas de pensamentos e d'expresión, os cazadores de *descubertas poéticas*, teñen pra se fariñen nas obras de Lord Dumbany, onde nos atopamos ben lonxe dos camiños que irípan a cotío os adocenados das letras. Eiquí respira un o ar puro, fino coma na montaña, fresco e salgado coma no mar.

Todos poden ler *A Dreamers Tales*, na versión castelán que Pubricou a Revista de Occidente, eprobar d'iste xeito algo endexamais sospelado.

Veleiquí coma principio un d'istes coñitos, *Poltarnees, a que mira caro Mar:*

«Toldees, Mondath, Arizim, estas son as Terras Interiores, as terras cuios vixias, postos nos llindeiros, non ven o Mar. Mais elá, pol-o Leste, hai un deserto qu'endexamais trubaron os homes; y-é marello, lixado estápol-a sombra das pedras, e a morle xace n'il coma leopardo fumbado ó sol. Están pechadal-es fronteiras, ó Sur pol-a maxia; ó Oeste por unha montaña, e ó Norte pol-o berro e a caraxe do vento Polar.»

Rara terra ond'a fronteiras áchanse gardadas pol-a maxia, e ond'a morte é un leopardo fumbado ó sol... chocante e novo; mall-o ecoar das leendas de Cuchulain e de Fingal, chega a nós n-estas pasadas derradeiras que sonan tan a novo, e tan ben acaen co que a y-alma moderna degara, cansa de repeticións monótonas de modulacións d'unha escala fixa a cuio son a inspiración e a inventiva fóransen adormentando pouco e pouco.

A y-alma celta ainda ten as chaves de moitos mundos descoñecidos.

## IX

*Lennox Robinson* é un dos mais, gabados autores do Teatro Nacional Irlandés. Contra Yeats, coma Synge, conquérui tamén ó público de Londres, ond'os cómicos de Abbey Theatre de Dublin, no que hay partes tan boas coma Miss Maire O'Neill e Miss Maire Nic

Schiublaigh, puxeron con moiio éxito en 1921. a sua comedia *The Whiteheaded Boy*.

Lennox Robinson amóstrase prácticamente conforme cos principios que en col da arte tráxica, espuxo Yeats en *The Cutting of an Agathe*, e por elo é un verdadeiro tráxico. Thomas Mac Greevy di qu'a sua arte ven de Corneille, pasando por Strindberg. O seu asunto é a lotta do home co Fado, na qu'o home ven ser de cole vencido e asoballado. Nas suas obras a vida amóstrase cruel, e veleiquí a tragedia. Se non detén pol-o tanto na pintura dos carauteres, e cecais por elo sexa o seu teatro mais humán pois pensa con Yeats, é ainda co crítico Nac Greevy, que nos instantes de suprema elsaltação, que é cand'a tragedia se produz e xurde diante de nós, a personalidade, no seu senso ordinario, esvaise na ola d'emoición qu'a solaga e fai desaparecer, coma acontez no éstase relixoso y-en toda apaixoadada esperencia, todal-as outras emocións e istintos que non sexa aquela que n-álquel instante nos leva. Eu non sei s'esta maneira de pensar non é de abondo discutible dend'a cencia psicolóxica, con perdón de Yeats e dos demás: o que si sei é que non hai concepción filosófica ou d'outra crase, por trabucada qu'esle, que non poida dar nacencia e grandes obras d'arte, a arte sendo, ata certo punto, e ainda así non sempre, independente da verdade. O caso é qu'as de Lennox Robinson, sono.

Dazanove anos tiña Lennox Robinson, cando escribiu a primeira peza, que non tiña mais qu'un auto, e que se puxo por primeira vez no Abbey, seica pol-o ano de 1909. Titúlase *The Chancy Nami* (1) e o asunto é o aforro da soña local d'unha familia pésana irlandesa pol-a morte d'un d'iles, un mozo que ven de decretar á sua nai a sua intención de s'enfregar ás autoridades com'autor d'unha morte cometida no distrito. O mozo morre tratando de salvar a un neno

Despois estreou *The Cross Rods* (2), en dous actos. A filla d'unha pésana do condado de Cork, trai de Dublin ideas estranhas: lee libros d'agricultura y-economía y-en col da Irlanda, e quer ter unha granxacentífica, e co entusiasmo, deixa o amor d'un estudiante de Dublin, e

(1) O nome do chanzo é curioso, porque é unha especie de lobo.

(2) O atallo.

casa c'un home qu'aborrece, porque ten unha granxa onde ond'apilcalas suas teorías. Despois, estas teorías vanlle dando resultado a todos os granxeiros da bisbarra, agás o seu home, todo por causa d'olgunha moura e cruel maldición qu'a rapaza trouxo ó seu home e á sua terra. Obra mais poderosa e mais tristeira qu'a outra, amosando somentes a creencia do autor na残酷za da vida. Traxedia tan terrible e mais tan asoballante non se ve alí muiado na moderna escea, fora de Rusia - d Mac Greevy.

Venén logo tres traxedias políticas, inspiradas como outras de Yeats e de tantos outros, na luta pol-a liberdade da Irlanda: *Patriots*, *The Dreamers* (1) e *The Lost Leader* (2). Solo que Lonnox Robinson é o poeta dos fracasados, o poeta das desfitas, de cote dinas da piedade dos homes de curazón:

*Continuaráse*

(1) Os soldados.

(2) O Xefe perdido.

## ENCOL DA NOVELA GALEGA

Falemos da novela galega.

Mais, digamos denantes ¿qué se entende por novela galega?

Alguén pretende que a novela galega teña un marcado celme rural, un arrecendo á terras remexidas pol-o legón, ou pol-as gueifas do arado, á braveza de toxo, á estrume. ¿E por qué non ha poder sere delicada como unha flor de pazo señoril? ¿Ou por qué non ha de nos amosarre a vida que hoxe boliga nas nosas vilas e cidades?

Otra tendencia reclaman algúns críticos, ou criticastros, enchendo moito a boca coa verba: «Universalismo».

«Universalismo? Mais ¿cál é o universalismo na novela? Pode ser unha obra universalista porque trate asuntos, tipos, ambiente, alleos á Galicia. Póde ser porque presente temas que igual desenvolvo e interés adequiririan escritos en galego e desenvolvidos no ambiente do noso pobo que no de calquera outro estrano á ele.

No fondo do que queren uns e outros non acabamos de ver craro e definido un pensamento. Coidamos que todos andan un pouco fora da realidade.

Para nós será universalista unha novela cuando a sone d'ela sexa tan grande que a obra traspase as fronteiras.

Se femos en conta, como di Veron, que a arte

expresiva descansa na simpatía, plinta as emocións, sentimento e carateres baixo unha forma artística, amosira o interés particular que o home tómase pol-o home, o ouxelio principal é o mesmo home, e o estudo dos seus sentimientos accidentais ou permanentes, das suas virtudes ou dos seus vicios debe ser na novela o de maior importancia, ben sexa este home do agro ou da vila; de homildade labrega ou da hirxa xente obrera; de nobre alcuna ou da grotesca e tráxica crase mela.

Tamén Taine, dispois d'ensaminare a natureza da obra de arte e d'estudare a lei da sua produción, enuncia-a d'este xeito: «A obra de arte está determinada por un conxunto que é o estado xeneral do espírito e das costumes ambientais».

Estas valiosísimas opiniós confirmanos na nosa maneira de pensar encol da literatura romancesca galega.

O ruralismo é, indiscutiblemente, unha parte importantísima da vida galega; mais non é toda a vida galega. D'outra banda, se todo canto se escribe en galego fose ruralismo, afincaríamos mais no pobo a creencia, xa enraizada d'abondo, de que a nosa fala non sirve más que para as contadas necesidades da vida rural e se non presta para as relacións viles ou de xente ben criada. Faríamos descasai unha obra

monótona, cando a riqueza da literatura está precisamente na sua variedade infinita. Ademais de que a mesma vida rural galega e mal-o seu probremas, e áinda as suas particularidades mais enxebras, son igualmente asuntos que teñen a mesma realidade entre os campeses de muitos países; de sorte que nin eso darianos un tema ou un asunto escrusivamente galego.

Nunha ollada que Jean Lorentowicz fai á literatura da Polonia co gallo do premio Nobel concedido ao romancista polaco Ladislas Reymont no 1924, di: «A literatura e as artes, á pesar do espírito de tradición, e mal-o seu ardente e afincado amore ao pasado nazonal, víronse forzados á tomar os seus temas da nova organización das forzas vitaes do país (vida vilega e industrial). O sentimentalismo facil dos romancistas d'antano que inspirábase na vida simpática «Kmiotek» (paisanijo) contra unha curiosa variedade etnográfica, é hoxe «demodé» ate o ridículo.»

Nós non somos contrarios á novela rural; temos escribido moitos contos e comedias de ambiente labrego; mais coidamos que tamén as vilas galegas poden nos proporcionar avao asuntos e tipos interesantes, e mal-as razás devanditas estimamos comenente derivar por este camiño a novela galega.

Agora ben: en todal-as literaturas de todos os países, as obras escritas orixinariamente no seu idioma sumanse como propias inda que os asuntos ou os personaxes que nelas figuram non teñan nada que ver co país. ¿É que «Los cuatro ginetes del apocalipsis» non é unha novela española?

Fica, pois, sentado que novela galega é toda novela escrita mal-o seu autor en galego, sexa o que for o seu asunto e mal-o ambiente que ela refexe. O contrario sería como afirmar que «O Pescador d'Islandia», de Pierre Loti, non pertence á literatura francesa, ou que sómente poden se considerar como novelas españolas as de *majas* e *toreros*. O dito que unha novela escrita na nosa fala «non é galega» deixounos de cote abrayados. Endexa-mais atinamos cō que queren dicir quens tales cousas escriben.

Se ensaminamos a obra de calquera dos grandes romancistas estranxeiros onde a literatura len xa de vello un grorioso camiño percorrido vemos que produxo un número gran-

de de novelas, e nen todas elas son do mesmo valer, nem todas son mal-o mesmo, igualmente admiradas. Todol-os escritores precisaron moito tempo, moitos anos de intenso traballo, para que a sona do seu valer fora estendéndose e afincándose. ¿E imos pretender nós que nas letras galegas, nadas hai poucos días á prosa, apareza xa, e sen laboura preparatoria algúnhia, o xenial novelisia asombro de todos?

Non apareceu ainda, non, o gran romancista galego. Non xurdíu mal-o d'agora o prosista que na fala da Terra trazera uns centos de páxinas que todol-os galegos lérán con avidez para satisfacel-o seu degoro. Mais non é non, tampouco, o tempo de refugar aqués ensaios que riscaron nunhas llanas alguns dos nosos escritores para iren experimentando a sua abelencia e afacendo ao público.

E como ata o d'agora cáseque as poucas novelas aparescidas foron esas noveliñas que en publicacións como *Terra a Nosa! Céltiga, Alborada e Libredón*, xa morias, e *LAR*, que ainda vai dando un número cada mes, poden lér os afeizoados, á elas referímonos xa que outros libros romancescos raramente vense publicados.

Estas noveliñas polo-sua mesma condición periódica e polo-sua barateza len pouca extensión, e en poucas páxinas pouco é o que se pode facer. Non é nun cativo pachareco onde se colleitan as farturentas anadas; mais o que pretenda acadar algún ouxelo len por forza que se experimentare, loitar, matinar, ata chegar á abranguer o resultado apetecido. Se a novela é froito do maxín inxerido de ponlas da vida cotiá, ou ben pitelos de costumes e probremas vitaes acendidos polo-sas faiscas d'unha intelixencia creadora, como dixo con frase pintoresca Williamson, non van descomitidos algunos dos primeiros ensaios da novela galega, e eles fan agardar unha próximamente e mais fructífera colleita.

Votemos unha ollada átrás e comparemos as noveliñas hoxe publicadas co-aqueles primeiros ensaios en prosa, que non hai tanto tempo trazaban os escritores galegos, e notaremos a diferencia. A prosa galega deu un formidable pulo. Hoxe contamos c'un comezo de literatura romancesca, na que pódese apreciar alcunios trechos de ben orientado creacionismo.

Creacionismo. Vel'ahí a verba. Mais non un creacionismo consistente en dislocar as frases ou escribir cousas entrevesadas, senón un creacionismo que trace cadros cheos de realidade nos que presente tipos tan definidos que ao leitor parézanlle persoas coñecidas.

E romatámos coas verbas de Schiller nunha das súas cartas encol da educanza estética do home. «O ouxeto do impulso sensibre, expresado nun conceito universal, é a vida no seu

## NÓS

mais amplo senso, conceito que significa todo ser material e toda a presencia inmediata nos sentidos. O ouxeto do impulso formal, expresado nun conceito universal é a figura. Pois coa vida e as figuras galegas estase formando xa a nosa novela, e así imos por todas partes adentrándonos na alma do noso pobo.

LEANDRO CARRÉ

Na Cruña, Febreiro 1926

## A EDADE DO FERRO NA GALIZA

(Proseguimento)

### XII

#### A ESCULTURA

No Levante peninsular, nas tribus ibéricas vecinas dos establecimentos gregos da costa, a escultura atingiu un xúrdio desenvolvemento. Os ex-votos de Despeñaperros, as pequenas figuras cerámicas da provincia d'Albacete, e derradeiramente, as estatuas d'Elche e do Cerro dos Santos, amosan a estensión y perfección artística das obras escultóricas d'aquiles povos.

En vao buscariamos na nosa civilización dos Castros nada semellante. Longe das correntes culturais que chegaban pol-o Mediterraneo, as gentes da Galiza protohistórica non podían recibir ningún influjo forasteiro mais que serodia e vagorosamente, y así, as suas manifestacións artísticas responderon con inleira fidelidade á ruda sinxeleza do seu caraute.

Pol-o qu'a escultura se refire, tales manifestacións pódense reducir a tres elementos: pedras con relevos geométricos, estatuas de guerreiros, e porcos escupidos.

A área geográfica d'istes últimos, non sabemos ainda fixamente si collía ou non a Galiza. Atoparonse restos d'un en Sabroso; hainos d'abondo en Traz-os-Montes y esténdense por terras de Castela y Extremadura, chegando esporádicamente pol-o Sul, a Linares, pol-o

N a Durango, e pol-o E a Segorbe, coincidindo case en ausoluto a sua distribución coa dos povos céltigos e celíberos, mais no noso país, soilo s'alcontrou no monte Tecla unha cabeza qu'o Sr. Calvo descreve n'estas verbas: «Dos agujeros hechos al buen fun-fun, simulan los ojos y una linea escarbada con dos agujeritos, indica que aquella parte representa el hocico». Tal cabeza, anqu'o seu pequeno tamaño parece facer dudar d'elo ó Sr. Calvo, pudo pertenecer moi ben a unha figura semellante ós *Berrões* portugueses, que non presentan na sua feitura meirandes primores. Esculpidos en pedras graníticas enteirizas, grandes en general d'un metro ó longo por 60 e tantos centímetros d'outo, co-as patas tesas e pousadas no chan, os ollos y o fuciño imitados con caño buratos e un risco, e sen case malas indicacions da sua anatomía, son istos berrões un prototipo de rudeza e primitivismo, denunciadores d'unha arte nos primeiros días da sua infancia. (fig. 19).

En col do seu destino hai dados pareceres ben diferentes. Fernandez Guerra cría qu'eran lindieiros; (1) Vicente Paredes (2) qu'eran guías pra marcal-o camiño á avenza emigrante; os Siret sospitaram si serían soilo fantasías decorativas, e Hubner, con cujo dictame está

(1) In Leite de Vasconcellos, Religiosas da Lusitanía, T. III

(2) Historia de los Fremenianos Ibericos

## NÓS

conforme Leite de Vasconcellos, fixo notar a existencia nalgúns d'eles, d'inscripcíos funerarias, afirmando en consecuencia, a sua origem sepulcral. (1)

S'os porcos esculpidos áchanse fallos d'intérêt artístico, as estatuas de guerreiros non revelan pol-a sua feitura un grande progreso. Localizándose escrusivamente no N de Portugal e no S de Galiza, ténendos alcontrado as portuguesas en San Ovidio de Fafe, San Jorge de Vizela, Vianna do Castelo, Montalegre, Capeludos, Ponte de Cabeceira de Bastos, San Martinho de Britellos, Midões, Cendufe, e Campos y-as gallegas, disgraciadamente desaparecidas, en Rubiás (Celanova) y-en Vilar de Barrio (Allariz). Todas elas, prescindindo de miudas diferencias, son parellas e parecen sair do mesmo prototipo. Estreitos, acanabados, coma lles d'Alves Pereira, (2) istes guerreiros, co-a sola excepción do de Cendufe, presentanse salendo d'un pedestal, por baixo dos joellos, co-as pernas juntas, os brazos apagados ó corpo, e voltos car-o peito, pra sostener un pequeno escudo circular, cunhas maus qu'o artista case non s'arriscou a abocetar; na cabeza, tamen estreita, un bultillo limita o nariz, e dous buratos e un risco, os ollos y-os beizos. O corpo aparece coberto por unha túneca que chega ó meio do muslo, e cingido por un cinto que sostén un puñal (fig. 20). Nalgúns eixemprares, o pescozo está adornado pol-o torques y-os braços garnecidos con aros. A estatua de Capeludos parece ter posto na cabeza un casco e nas de Montalegre, o escudo alcóntrase decorado, circunstancia que se repele nas de Cendufe, Campos que ten asimesmo a túneca grabada con losangos, y-é a túneca qu'amostra os pés nus de calzado e traballados, dentro da rudeza do estilo con certa habilidade. A cruz y-a cuncha que se ven en dous d'estes guerreiros, son considerados case unánimemente por todolos arqueólogos que d'eles se teñen ocupado, com'un adilamiento posterior.

(1) No Anuari do Institut d'Estudis Catalans, t. VI, da Bosch a istas esculturais unha orígen ibérica, relacionandoas coas *bichas* andaluzas. Ista relación, que circula podería aparecer en Castela, non encaixa na provincia portuguesa de Tras-os-Montes, na qual os restos ibéricos, limitados a alguma estación da vila do Douro, son probes e seródios, e ond'as estatuas de porcos andan ben hastas (ver. Religiosas da Lusitania, t. III) onde ven unha enumeración das estatuas conhecidas, habéndose n'autualidade aumentado o número das descubertas (ver. P. Francisco Manoel Alves, Loc. cit.)

(2) Novo material para o estudio da estatuaria e arquitectura dos Castros do Alto Minho, O Arqueólogo Portugués, vol. XIII, pag., 207

Porqu'hai qu'adeverir que poucos oujetos pertencentes ós nosos tempos protohistóricos tefien chamado tanto a atención dos sabios. Leite de Vasconcellos, (1) Hübner, (2) Pierre Paris, (3) Murguia (4) y-Alves Pereira, (5) antr'outros varios, adicáronles referencias ou artigos mais ou menos detallados, tratando d'investigar o uso pra que foran destinadas y-época qu'os produxera, sendo a opinión mais corrente no dia, a de qu'o seu orígen é funerario, y-a sua época os finais da nosa Edade do Ferro, debendo pertencer a tempo mais adiantado a laxe que co-a figura d'un home en relevo (fig. 21), apareceu no Tecla, e que visle unha especie de manto plegado que pode asemellar a unha toga.

A atribución d'estas estatuas de guerreiros ós anos en qu'a influencia romana deixábase sentir elquí co-algunha intensidade, está justificada pol-o epigrafe de que já falamos n-outra ocasión, e tamen pol-o caraute forasteiro que tales figuras antropomórficas ofrecen dentro do marco da nosa cultura protohistórica, pouco afeizado com'as demais culturas célticas, a re-pensental-o corpo humán, podéndose comparar o caso das estatuas gallegas, co-as que Dacheleite chama *grecoligures* e *celtogregas*, nadadas no Meiodia de Francia, baixo o influjo helenizante de Massilia, (6)

O caraute indígena qu'en certa maneira fella nas representacíos antropomórficas, atópase en troques ben craro nas pedras con relevos dos castros e cílanias. Irregulares ás veces, alongadas outras ó grito d'estelas, cilíndricas, cuadradas, redondas ou cortadas a modo de mesas, coma no célebre eixemprar de Briteiros, estas pedras presentan riscados ou esculpidos en relevo, pero traballados sempre con cuidado y-a mostrando seguridade de mau y-hasta certa habilidade decorativa no executante, unha serie variadísima de figuras geométricas que poden así e todo reducirse ós seguintes elementos: *espirás* (fig. 22), *cruces* (fig. 22), *esos soltas* (fig. 34), e juntadas por *Chevrons* (fig. 28), *losangos*, *triskeles*, (fig. 36), e *tetriskeles* sinxelos e compostos

(1) Religiosas da Lusitania, t. III


(2) Archt. Zeitung, 1861, pag., 188

(3) Statues lusitanianas de style primitif, O Arqueólogo Portugués, vol., VIII, pag., 1 e segs.

(4) Historia de Galicia, II Edición, t., I

(5) Loc. cit.

(6) Menzel, t., II



(fig. 27), rosáceas (fig. 28), círcos concéntricos (fig. 29), e radiados con liñas reutas (figura 30), curvas (fig. 31), ou petaliformes (figura 32), e sinos espirais emparellados (figura 33).

A moor parte d'essas figuras teñen unha extensión case universal nos tempos prehistóricos e protohistóricos. A cruz, a ese, o chevron, o losango y-a espiral alcóntrans o mesmo na Grecia predórica e na Edade do Bronce escandinava, que na Italia dos periodos etruscos e vilanovianos, e nas civilizacions célticas dá Francia e do Danubio, y-o pechalos ollos entiste feito facilmente comprobabre y-o non

siderar com'aborige de Galiza, (1) Si o noso material dos fósiles do Bronze fora mais abundante, si contáramos co-algunha laxe grabada, s'es espadas y-os machados d'aquell período estiveran moi decorados, cecais poderíamos facer luz n'esta escuridade. Mais como tales informacions fallan en ausoluto, non poderemos arriscar en col d'el, ningunha hipótese, cinguindonos a señalar qu'a maior parte dos elementos geométricos das nosas pedras esculturadas, teñen correspondenza nos países célticos, consinando qu'ás rosáceas foron vistas por Leite de Vasconcellos en lápidas funerarias de Museos franceses e belgas, qu'o dese-



Fig. 34



Fig. 35



Fig. 35 bis

dar fino ó resto do material recollido nos Castros, levou a algúns arqueólogos portugueses e franceses a buscar o orixe de tales representacions na Mycenae do século - XV e nos Suevos da VI centuria.

En realidade, o tratar de resolver iste problema dos oríxens da arte castrexo fixándose sólo nela e facendo abstracción d'outras fontes de coñecemento, que poden servir para establecer relacións e sincronismos, é pretender un impossíbel; mais ainda reducindo a cuestión a termos más sinxelos, non se pode determinar con esaxeridade si a formación de tal arte é debida sólo ós Celtas, ou produto da sua unión co povo ligur ou capsense que podemos con-

decora a parte inferior da pedra de Kermaria, e figura case costantemente nas cerámicas gaulésas, e qu'os triskeles e tetriskeles qu'andan ante nós tan vastos, son a orixe da decoración céltiga e perduran na Irlanda deic'os anos medievales.

Acerca do destino pra que foron grabados todos istos sinos, estamos na mesma incerteza que respecto ó seu orixe. Relacionados co culto dos mortos, estaban sen dúbida os qu'aparecen nas esteelas funerarias, e cecais tamen os qu'a-dornan pedras pequenas e cadradas semellan-

(1) Anegam Alves Pereira, Cinegética y Arqueología, loc cit., as liñas curvas son características da Edade do Ferro de Portugal.

tes á que s'atopou en Morgade cubrindo unha incineración; mais respeito dos restantes, incluso dos qu'enchen a pedra formosa de Briñeiros, en col da qual tanto se ten escrito, non sabemos de fixo nin qu'aplicación tiñan nin con qu'oujeto foron traballados.

Direi emporiso qu'as figuras dominantes son o ese e mais a roda radiada con triskeles, tetraskeles ou liñas curvas e reutas e cruciformes, e qu'estas representacións tiveron durant'a Edade do Ferro, y-ainda na do Bronze, un valor amulélico constante, relacionado con creencias heliolátricas, podendo polo tanto suponer qu'ás mesmas crencias aluden as pedras castrexas, pero sen que se pamos enxergar o alcance dos seus sínos y-o poder especial que se lles atribuía, nin xiquera s'eran sinxelas lembranzas que tiñan já perdida a sua significanza religiosa, y-estaban soilo traballadas pra un uso decorativo.

Esta derradeira suposición, está así e todo contrariada pol-a rudeza da facies general da nosa Edade do Ferro e pol-a pobreza dos seus lugares d'habitación qu'affasta toda idea de decorado suntuario. Y-en vista d'elo, e dando ó ese y-a roda o valor profiláutico que lles da Dechelette, (1) podernos arriscar a hipótese de qu'as figuras eran esculpidas nas pedras pra preserval-as casas, as citanias y-os recintos fortificados do infruxo malino dos ruíos espíritos das tréboas e da noite qu'as distintas representacións do sol radiante debían afuxentar.

### XIII

#### O VESTIDO

En duas ocasiós fala Strabon do traxe dos

(1) Manuel, t. II

#### NÓS

galegos: unha ó decir qu'os homes levaban vestidos de liño, y-as mulleres teas de coores, (1) y-outra cando describe ós habitantes das Cassiterides, semellantes ás furias da tragedia, envoltos en mantos escuros, cinguidos no peito e longos hastros pés. (2)

As vestiduras de liño que menciona o geógrafo grego son sen dúbida as túnicas qu'aparecen cobrindo o corpo das estatuas de guerreiros. Túnica estreita, apagada ó torax, que non baixaba da mitade do muslo, e coas mangas cortadas á altura do biceps, e que nunha d'aquelas esculturas, a de Cendufe, aparece coberta dedobres losangos c'un punto no medeo, quitando a parte inferior que é lisa, e forma unha especie de cenefa (fig. 34). Taes losangos, como demostrou Alves Pereira (3) n'un eruditio trabalho, non poden representar outra cosa que debuxos do tecido, que cecais estiveran trazados con fios de diferentes coores. O ditio arqueólogo portugués compara istes dibuxos cos d'unha tea do século III alcontrada na turbeira de Thorsbjerg e tamen con figuras de vasos gregos y-etruscos e de placas gaulesas qu'ostentan nas suas roupas detalles imitantes, sendo moi dino de se notar asimesmo a iste respecto, a semellanza da estatua de Cendufe coa greco-céltiga de La Roche Pertuse (figura 35), semellanza que non soilo se refire ó geito losanguíno dos labores da túnica, senón tamén á sua forma y-a franxa qu'a remata.

*Continuaráse*

- (1) III, III, 7  
(2) III, V, 2  
(3) Loc. cit.

## QUOD NIHIL SCITUR

*(Proseguimento)*

Non dariamos co cabo, se quixeramos passar revista ós costumes de todos os pobos. Vas ti xusgar qu'a sua razón é inteliramente igual qu'a nosa? A min non me parez verosímile. Ningún dos dous sabe nada. Has negar se cedra qu'algúns d'ises sexan homes. Non hei discutir: así o ademilliron outros; d'estas cousas están cheos os libros dos antigos e dos mo-

dernos, e non parece imposible: quen sabe si n-alguhuha parte do mundo ainda non descoberta por nós, existirán se cadra homes mais diferentes de nós qu'a ises, ou existiram, ou han existir. Quén pode dicir algo certo tocantes ó que foi, ó que é ou ó que ha ser?

Dicías onte na tua cencia, perfeita dende hai moitos séculos, qu'a terra toda estaba

arrodeada por un océano, e dividida en tres partes universás: Asia, África, Europa. Qué dirás agora? pois descobríuse un novo mundo e novas cousas na nova Hespaña ou nas Indias Oucidentás e Orientás. Tamén dicias que había unha rexión meridional situada no ecuador inhabitábre por mor da calor, igual que nos polos e zonas estremas por mor do frío. A esperencia amosárou xa qu'esas duas cousas son falsas. Costruye outra eencia, poll-a primeira é falsa. Cómo, pois, aseguras qu'as tuas proposiciós son eternas, incorruibres, infalibles e que non poderían ser d'outro xeito, li, verme miserabre qu'apenas sabes o que eres, d'onde vés e pr'onde vas e que difficilmente o saberás?

Das outras especies de bestas e plantas pódese dicir o mesmo, asegún a diversa situación do mundo; tanta é n-elas rexións a desemellanza na especie, coma dás que lles chamas especies diversas e sonó. Ningún dos dous sabemos nada, porque non coñecemos as formas pol-as que se distinguen ás mesmas.

Aumenta a nosa ignorancia dalgúnhias cousas, o que nos está prohibido chegar a elas por mor do lugar ou do tempo e éstas son a a maior parte. Por iso é moi grande a dúbida sobre das qu'existen no mar, na terra fonda, na atmósfera superior e nos astros. Non sin razón; pois *todo coñecimento ven dos sentidos*, e com'essas cousas non poden ser percibidas, tampouco se poden saber; molto menos se poden saber qu'as qu'están conosco. To-

cantes a estas non dudamos que existen, mais d'aquellas dicense muitas cousas que non é certo que sexan así, nin a razón concrueye iso: senon qu'algunhas veces o contrario, como no seu lugar diremos.

Ven elquí ben o probremo en col da pluralidá dos mundos, d'aquelo que hai fora do ceo e outras semellantes. Non é esto soilo, senón qu'es opiniós dos homes son diversas e non hai cencia, por mor da variedade das cousas, como hai pouco se dixo, tocantes ás diversas partes da terra (partes qu'un home non pode percorrerlas o qual cumpría pr'as coñecere).

Quen é o que pode asegurar algo certo tocantes a aquelas cousas que foron feitas molto tempo antes de nós e das que logo se fola? Por causa d'esto hai tanta discrepancia entre os filósofos tocantes ó principio e á eternidade do mundo, e tanta controversia sobr'a duranza e fin, que ninguén, que nós se palpamos, lle puxo nin porá fin certificadamente. Pois como o corrilibre provirá do incorrilibre, o finito do infinito? finalmente como quen soillo vive instantane, coma se non vivira, y-elsiste coma si non eisistira, pod'amositar algo certo, sobre o sempiterno? O asunto (*an sit*) este do mesmo xeito qu'o das demais cousas é o fundamento de todos os probremas, e sobre d'ela o home non coñeceu nin pode coñecer nada. Mais na filosofia as cuestiós mais nobres y-erguetas e precisas pró coñecemento das demais, son dudosas e por Iso a ignorancia d'elas trai consigo a ignorancia das demais.

ARCHIVO FILOLOGICO E ETNOGRAFICO DE GALIZA

## Comparanzas

No seu libriño *Comparações tradicionais portuguesas*, de que dabamos conta no noso número derradeiro, o ilustre escultor do folk-lore miñoto Dr. Claudio Basto, inseriu algunas comparanzas tradicionais espalladas na Galiza, das que fixemos promesa de nos ocupármos n-esta sección.

Pra espresala vellice d'unha cousa, trai de Galiza as seguintes comparanzas:

*com'os meus zocos  
com'o Demo  
com'a campana de Coiro (Vigo)*

Das que trai de Portugal, lembramos ter ouido:

*Vello com'Adán  
com'o andar a pé  
com'a sarna*

*Com'a arruda* temol-o ouvido apricado a outra causa: *coñecido com'a arruda.*

Alén d'esas, temos ouvido as seguintes:

*Vello com'a Matusalén* (corrente en toda Europa) [ropa]  
*com'a fame*  
*com'o c...*  
*com'o mundo* (dícese tamén en Francia)

Outras expresións pra indicar-a antigüidade, imitantes ás de Portugal, son:

*Do tempo dos mouros, ou da mourindá  
No tempo en qu'as bestas falaban*

*No ano un*

Outras coma:

*No tempo de Mari-Castaña  
No ano da Nanita*

semellan collidas do castelán.

### II

Sobre a estimanza da carne de carneiro, trai o Dr. Basto os seguintes refrás:

*A pescada de Xaneiro  
val un carneiro.*

*En Xaneiro  
berza vella val carneiro.*

*En Xaneiro  
a raia val calneiro.*

Todos antigos, sen dúbida.

### III

Comparanzas referentes a chorar:

*Chorar com'un neno* (dícese tamén en Francés)  
*com'unha fonte*  
*com'un tellado*

*com'as nubes  
com'unha Madalena*

Todas correspondentes ás portuguesas. Non trai

*com'un perdidio*

que tamén hai en Portugal, e que é elquí corrente.

### IV

Comparanzas referentes a xordo:

*Xordo com'unha porta  
com'un arado  
com'unha pedra  
com'un canto  
com'unha tapia.*

Todas iguás ou correspondentes a outras portuguesas.

### V

Comparanzas referentes a magro ou delgado.

*Delgado com'un bimbio  
com'un espeto  
com'un guizo  
com'un Xirelo  
com'un canivete  
com'un canizo  
com'unha bicha*

*Seco com'un rabo de bacalau  
com'un pau  
com'unha uva  
com'un figo  
com'un anganido  
com'unha acha  
com'unhas pallas*

Todal-as hai en Portugal, agás o do *bimbio* e o do *anganido*.

O *anganido* velciuí com'o difine o Dicionario da R. A. G.: «Enfermedad que ataca a los niños hasta dejarlos extenuados. Es producida por el mal de ojo, según los supersticiosos.» O P. Sobreira define o *asombramento* d'iste xeito: «Sombra, miedo de los niños que causa el enganido.»

*Seco com'as pallas* témolouido de cote

aprizado, non ó que é seco de carnes, senón de caraute, de modo de ser.

*Com'un espeto e com'un pau* empreganse tamén coma comparanza de *teso*. O qu'anda moi dereito e moi *teso*, din que semella *que tragou un espeto*.

*Com'unha uva e com'un figo* empréganse mais ben con *mirriado* que con *delgado* ou *seco*. En Portugal din tamén *seco como uma mirra*; elqui do qu'está moi delgado, din que está feito *unha mirra*. Com'en Portugal, din elqui tamén *chupado*, no senso de delgado.

Con seguranza habíamos atopar moitas más con qu'alongar as listas, s'os nosos leiores nos quixeran axudar na recolleita.

V. R.

### Casos de posesión por espíritus dos mortos

1. Un caso de que falou a imprensa de toda Galicia, y-en col do que s'emitiñon diferentes opiniós, foi o que se deu a coñecer por Xanero do ano pasado na parroquia de San Xurxo de Moeche (Ortigueira). No corpo d'unha moza chamada Manuela Rodríguez Fraga, meteu o espírito d'un crego d'Ortigueira morto había pouco na Habana. A moza deu probas de cultura teolóxica e litúrxica, e padraca ba moi ben á moitísem xente qu'a viña ver, e fixo algunas profecías. Falaba con acento americanizado, cando falaba castelán.

Isle caso, pol-o que certamente tiña de pasmoso, ergueu na xente entendida algunas porfiás, sendo de notar un artigo publicado en *Galicia de Vigo*, onde alguén enteirado das modernas teorías da metapsíquica, e das doutrinas oculistas, aseguraba a autenticidade do caso.

2. D. Xosé González, alumno da Escola Normal d'Ourense, comunica o seguinte caso que refire en Bousés, concello d'Oimbra, partido de Verín, ond'il o recolleu:

«Unha muller oferceu unha promesa d'ir a pé e levar unha galia con pilos á Santa María das Augas Santas, e morreu sen cumplir a promesa, e o seu espírito meteu n'outra muller, á que dábanlle ataques d'falar d'ela, e outras veces sen falar, faláballe o espírito adentro d'ela, e perguntábanlle por algún que morrera, e ela dicía s'estaba no ceo, no purgatorio ou no inferno, e dixolle que tiña que

cumpril-a promesa, ela cumpliu, e dend'entón xa se lle marchou o espírito.»

Confróntese iste caso co que contan das ofertas ó San Andrés de Teixido, ond'o que non val de vivo – anque se non ofrecera – fén qu'ir despois de morto, si ben ali o vehículo mortal que levan as almas é un corpo d'unha besta, e elqui é unha persoa e unha persoa viva, ademais. (Véxase: *San Andrés de Teixido*, por Federico Maciñeira, e Murguía, en *Galicia e Historia de Galicia*, vol I).

3. Do concello de Lobeira (partido de Bande) ven esta historia e a seguinte:

«Un mozo de Sabariz, parroquia de San Xosé de Lobeira estaba neurasténico. A xente aseguraba que se lle metera no corpo a y-alma d'un seu abó que morrera.»

Perguntando s'outras veces se ten dito n-aquela terra algúnsa historia d'estas, responden que si, que se contan moitas.

4. Unha d'elas debe ser esta outra:

«A unha moza qu'estaba munguindo a vaca, metéuselle o espírito d'un seu primo morto. A cousa foi do xeito seguinte: Estaba ela munguindo, e apareceu un cadelo negro, e ela diolle:

– Marcha can!

E no instante de decilo, o cadelo, qu'era o espírito do morto que tomara aquela figura, metéuselle no corpo, e ela quedou neurasténica.»

5. Na Limia, na parroquia de Congostro (Rairiz de Veiga) había tamén unha espirituada que xa fora onda moitos médicos, e ningún a poidera sandar. Entón chegou un *americano*, visitouna, e fixolle falar o espírito que tiña dentro, qu'era o d'un mozo qu'ela tivera en Vigo, e morrera. O espírito respondía a todas as perguntas que lle facían. Non di si o *americano* a curou ou non.

**Cerveza MAHOU** A Millor de España

**ALONSO e ALBERTE**

OURENSE

# OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

## FILOMENA DATO MURUAIS

As figuras da antiga xeneración galega van unha por unha fuxindo diante dos nosos ollos: Enrique Labarta, Don Florencio Vaamonde, Filomena Dato. Semella como se foran dando por acomprido o seu rol, e se foran retirando do teatro da vida. No que compre pensar, can-do nos lembramos d'iles, é no herdamento que nos deixaron pra nós acrecer, é na tarefa qu'a nós nos quedou. Acomprila é o noso millor homaxe a ises queridos morlos.

Filomena Dato, espírito culto e sinxelo, poe-tisa de doce e delicado sentimento, sen arrau-tos que foran alén dos lindieiros da crara e normal psicoloxía, salientou o seu nome ante-meio das grandes figuras da renacencia, que se honraron abrindolle sitio a caron seu. Estivo de coñé ond'a chamou o deber do seu tempo. Deixou un nome ilustre na nosa historia literaria, e un mangado de versos, frescos coma rosas, na nosa antoloxia.

O sentimento qu'en todos causou a sua morte, indica ben qu'andaban co-ela a afezón, o respeito e a admiranza dos galegos, en cuios peitos deixa agora a saudade do seu talento. Nona esquecerá Galiza.

## LIBROS

### COUSAS, por CASTELAO

Eiquí temos un libro en qu'a sobre aitividá do Castelao – o pintor e o escritor, de cole a mesma ínteca, podente e forte personalidade, cecals a mais esgrevia personalidade da renacencia galega – amóstrasenos en síntese; Castelao dibuxante, autoglosado por Castelao poeta.

«Hai neste pequeno volume – breviario para ler mais d'unha vez – algo que impón silencio como unha noite estrelada, chea de adiviñanzas e de señas distantes. Tudo o que n'il se dí foi longa e revengadamente amado. Agora fica n-istas páximas co-a quietude espellante d'un relanzo. Unha tristura sereá – sombra de pineliro soedoso baixo enfarinado luar – alóngase na i-alma cando finan as verbas derradeiras».

«O espíritu das lembranzas ben amadas fuxe en imensa curva e vaise espiare no ceo. Ali queda a tremer como un dardo de prata».

D'iste xello fala das *Cousas* un escritor novo que, con pudor británico, pon debaixo dos seus escritos R. D.

E ten razón qu'a leitura das *Cousas*, colleita de poemas en prosa d'infinita saudade, d'un neo-romantismo cheo de sentimento e de sabencia, breves e punxentes coma coiteiros, xustos, intensos ata chegar á cruidade, ata ser asafados e revolver nas estranhas coma certas frases de Beethoven, millor pide o silencio qu'a retórica.

A portada é un estupendo deseñio a pruma, tratado con piedosa miudeza, detalle por detalle, ata facer vivir – e pensar – ó probe cego – os cegos son nosos fakires – qu'ali pide a esmola.

Logo venen sete cadriños escritos, de terra e alma, *A caron da Natureza*, pros qu'lo autor deseñou unhas iniciás Renacemento, de portentosa belidez que os editores de *Lar*, que coldaron d'iste libro co meirande agarimo, tiveron o acerto d'imprentar en azul.

E dispois, dazaotio contos – hai dous ou tres que se non poden chamar contos; poemas é o que millor lle cadra – cada un co-a sua ilustración. A emoción d'istes contiños en poucas verbas, emoción tráxica ou tráxico humorismo, o arrenguizo de misterio que penetra algúns d'elles, levan a marca forzosa da grande arte, e dinos ben como Castelao sab'acadal-os cumes mais ergueitos da poesía.

O *Profundador*, o *Rifante*, a sítia *Sinfosora*, o americano do ichavo, han chegar a seren tipos proverbiás na nosa terra. Son merecentes d'existenza eterna. A *dona encantada* leva o símbolo inmorrente da coñecencia humán encarada co misterio de sempre, pois n-ise conto, precisamente, cand'o misterio semella qu'está xa espirgado, deseñio en vulgaridade, é cando s'amonta pol-a contra más fondo, mais escuro, mais arrepiante; o maravilloso existe. E ainda hai o M. Lavalet, da *Novela* de Ramón Carballo, home espantoso, que Castelao fai vivir en caltro ringuilós incomprendos. E hai todo.

Un estudo das ideias e das afezóns do Castelao, feito na sua obra pintada y-escrita é unha das cousas mais atentadoras, e unha das obrigas que temos co-a posteridade.

**Non deixe de mercar**

**COUSAS por CASTELAO**

Prezo CATRO pesetas

## **Sanatorio Quirúrgico de Ourense**

Direitor: Don MANUEL POL PIÑEIRO Cirugía

co-a colaboración dos Doultores

**D. FRANCISCO JOSÉ RIONEGRO DÍEZ**

CIRUGÍA

**D. MANUEL BOUZO FERNÁNDEZ**

PARTOS E DOENZAS DA MULLER

Situado na carretera da Loña, practicase nél toda cría d'operacións de Cirugía geral, especialidáis, ginecología, etc., etc.  
A pensión é de 10 pesetas diarias, inclusa n-ela a manterna, material de cama e visita médica diaria. As operacións e tratamentos  
especiais serán ouido de trato anterior.

Hai Gabinete de RAYO X, aparello de DIATERMIA (para tratar-as améllas, etc.) e o material eléctrico preciso para diagnósticos  
e tratamentos.

NOTA: Hai de cote material esterilizado para operacións d'urxencia p'ros enfermos que non se poidan traxer ó Sanatorio,  
e máis para partos, adentro e fora da cidade.

Para informes, pódese escribir a calquera dos médicos do establecemento.

**OURENSE**

**Carretera da Loña**

**Teléfono 179**

Lea  
vostede  
a novela  
mensual

**LAR**  
Suscrición a 6 números  
1'60 pesetas

Ademini-  
stración e  
imprenta  
Real 36-1.<sup>o</sup>

**A C R U Ñ A**

Fabricación

especial de  
toda sorte  
de Cristales  
ópticos



(MARCA REGISTRADA)

Execución  
esmerada  
das recetas  
dos señores  
Médicos  
Oculistas

**Praza Mayor, 18 - OURENSE**

# Dr. MOSTEIRO

Médico  
Odontólogo

Medicina e Cirugía da boca -- Electricidade -- Rayos X

A Clínica Dental mais completa de Galicia

Cantón Pequeno, 1 (Casa Pastor) - A CRUÑA

LUIS FÁBREGA

**DROGUERIA E FARMACIA**

Progreso esquina a Luis Espada  
OURENSE

MERQUE VOSTEDE

**Plumeiros RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpa millor  
Véndense en todolos estabreimentos do ramo  
Andrés Perille - OURENSE

**Reloxeria ZENITH**

Máquinas parlantes, Discos, Agullas  
e Accesorios

**M. Calviño**  
OURENSE



A mais económica de Galicia

**AXIÑA APARECERA**  
**HOSTIA** por ARMAMDO COTARELO

**Sanatorio Quirúrgico**  
**Diretores:**

**Manuel Peña Rey**

Ginecología e Partos

**José Mosquera Blanco**

Cirugía geral

Especialista na gorga, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Cruceiro, ten todolos condicíos precisas.—Praufícase toda cras d'operacíos.—Dotado de todolos adiantos que pide a actual Cirugía.—Modernas Instalacíos de RAYOS X pra diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fondo, con voltaxe de 250.000 voltios.—Aparello de Dietermia pra tratamiento d'Auxiles, procesos inflamatorios, reumatismo, etcétera.—Lámpara de cuarzo pra sol d'alumne e ultra-violeta pra tratamiento d'escrofulosis, raquitismo, alopecia, eczemas, etcétera.—Admitense embarazadas, e contase con material esterilizado pra fora da cibide en casos d'urxencia.—Poden colaboraren todolos compañeiros, previo consentimento dos diretores.

**BODEGAS GALLEGAS PEARES E OURENSE**  
Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Branco BRILLANTE. LOS GALLEGOS blanco e tinto.  
**Macía e Valeiras, Apertado 18 -- Ourense**

Augas bicarbonatado-sódicas de  
**MONDARIZ**



FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO  
Propiedade dos FILLOS DE PEINADOR

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo e a 20 das estaciós de Porriño e Salvatierra de Miño

O Hotel do Estabrecimento está aberto do 1.<sup>º</sup> de Mayo a 31 de Octubre

**NON DEIXE DE MERCAR**  
**COVADONGA**  
**POIS**  
**CASOGETXO**

**2.º volume da Biblioteca  
do Seminario de estudos  
Galegos**

**EDICION LAR**

**PREZO catro PESETAS**

**F. ROMÁN E SACO  
DROGUERÍA**

**E FARMACIA**

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE